

# A “idea do tesouro” en Álvaro Cunqueiro

*“... e decir sinxelamente cómo se foi faguendo no meu maxín, sumando ás noticias galegas as recibidas de tan diversa parte, a idea do tesouro, i o retrato dos que o gardan, dos que atopan e dos que, finalmente, se fan con il”*

O Guggenheim de Bilbao. Un intento actual de prolongar a ancestral necesidade humana de relacionarse coa espazo a través da arte, recreando os misterios dunha topoloxía exterior que a miúdo son reflexo de soños e aspiracións interiores

ANTONIO REIGOSA

Escritor e investigador sobre a cultura popular galega. Traballa no Departamento de Comunicación e Xestión Cultural do Museo Provincial de Lugo

**Propoñemos aquí un mergullo no texto do discurso de ingreso de Álvaro Cunqueiro na Real Academia Galega, lido no Seminario Santa Catalina de Mondoñedo no mes de abril de 1963 e publicado en 1964 pola Editorial Galaxia baixo o título Tesouros novos e vellos. Pretendemos tirar algunha conclusión en clave de país sobre a idea que do tesouro, como valor simbólico de carácter histórico, antropolóxico, sociolóxico ou literario, nos transmite o texto do escritor mindoniense, máis alá do que a primeira vista poidese semellar só unha cadea de ocorrentes imaxinacións ou fantasías sobre o tema. Somos conscientes de que este empeño merecería máis azos e máis capacidade para sacalo adiante con proveito pero imos tentar unha aproximación.**



Crómlech de Stonehenge, Inglaterra

**No texto de Cunqueiro** emerxen as preguntas e aboian as respostas: Que son e de quen son os tesouros? Quen os garda e protexe? Como son, que figura teñen? De que están feitos? Como se comportan e como se conseguen? Ou *“A miña pregunta derradeira é responderme que é o que pensa e fai un galego diante dun tesouro, xa desconfiado, xa marabillado, ousando ou temendo, crendo ou descrendo...”*

O tesouro é unha metáfora da ilusión humana e constitúe para unha sociedade e unha cultura popular marginalizada, como a galega tradicional, o anxeio máis sublime. A intención de dar co tesouro supón risco pois o intento sempre ten dúas caras; a da dita, en caso de atopalo, situación que case nunca se dá, e a da fatalidade, en caso de enfermar ou de morrer no propósito, que resulta ser a casuística máis frecuente.


E se o risco á hora de procurar o tesouro é grande para o individuo, multiplícase enormemente para o

grupo ou comunidade ao que pertence, pois no caso de que algún individuo dese co tesouro, a envexa e a violencia apoderaríanse do grupo, que acabaría por desestruturarse e desequilibrarse ata a súa extinción. E a pesar diso, os individuos (os buscadores, por certo, son sempre varóns) das sociedades tradicionais, acostumadas ao intercambio de produtos de supervivencia, expoñíanse a ese risco que supoñía a única posibilidade de distinguirse dos demais.

Hai unha pregunta, que parece lóxica, sobre as razóns polas que nunca é a comunidade, o grupo, o que se pon de acordo para buscar e logo repartir equitativamente o tesouro. A resposta pode ser que o saber comunal do grupo, o que chamamos cultura popular tradicional, é consciente de que ese tesouro non é un valor material senón simbólico, algo así como gañar un sitio no ceo para un crente. Sobre isto non nos imos estender máis pero si recomendamos ler demoradamente os “Consellos para atopar tesouros” de J. Rof Carballo que prologan a edición de Galaxia e que inciden con atinadas e esclarecedoras reflexións sobre estes aspectos.

Cunqueiro, que é sabedor disto e de que as culturas populares son o gran decantador das interaccións entre as tradicións populares e as eruditas, dialoga coas interrogantes e coas respostas, establecendo un xogo literario moi efectivo sobre a materia do tesouro. Tira, sobre todo, de fontes eruditas e tamén, en menor medida, das populares, unhas literarias e outras orais, e tamén achega razóns que o seu maxín cultivou coa semente da súa enorme capacidade fabuladora para acabar compoñendo un mosaico que encobre, que agacha o verdadeiro tesouro, o humano.

Se cadra, como sucede no relato do tesouro escondido do que se fala na noite 351 de *As Mil e unha noites*, soñar ou desexar tesouros provoca a curiosidade imprescindible para desaptar ese tesouro invisible.



Sherezade conta a historia daquel home de El Cairo que soñou que na cidade de Ispahán ía atopar a súa fortuna. Púxose en camiño e, logo de varias xornadas, chega á cidade á noite polo que ao non haber sitio nas pousadas para acollelo, vese na obriga de durmir nun patio que hai apegado a unha mezquita.

Mais aquela noite non foi tranquila. Cometeuse un roubo naquela parte da cidade, os veciños chamaron á policía e a policía detivo e interrogou a aquel forasteiro como sospeitoso.

Para xustificar a súa presenza no lugar, ao home de El Cairo non lle queda outra ca contar o motivo polo que está alí e explica que unha noite soñou que na cidade de Ispahán ía atopar a súa fortuna, e que viñera na súa procura.

Sigamos agora o soño do tesouro escondido recreado por Cunqueiro. En *Tesouros novos e vellos dínos que en orixe*, nun principio, todos os tesouros eran dunha soa persoa, pero os tesouros rebeláronse e fuxiron do dono opresor, dispersáronse polo mundo e pagáronlle a magos para que os encantasen. Desde aquela, os tesouros, que están separados entre si por sete leguas, fan "cortes" que preside o tesouro máis antigo. Viven en covas, nos socastros, en pazos soterrados, enterrados debaixo dos outeiros e de carballos moi vellos, sempre no escuro, afastados da vista da xente do común.

O tesouro é coma unha persoa ou como unha cidade, ten vida e nome,

sempre un segredo. Se alguén descobre o nome do tesouro, que pode ser o eco dunha palabra que se di, xa queda desencantado. Como non se sabe o seu nome, as máis das veces referímonos a eles co xenérico "tesouro" ou "ouro".

Os tesouros xantan, beben, súan, dormen e roncan (ás veces sete anos seguidos), deixan barba, falan, dominan linguas, viaxan, mudan de figura, senten vergoña e medo, e morren. Toman viño e tamén sangue de home ou de ovella para manterse relocentes. Deduce Cunqueiro que como os cregos non poden tocar os tesouros, estes non debe ser cristiáns.

O encantamento é a gran defensa, a coiraza do tesouro. Pode ser unha verba, o seu propio nome, o segredo que o protexe, e ao desencantalo o tesouro queda desprotexido, non vale nada, agás o valor do metal ou a cinsa en que se transmuta.

Os que gardan os tesouros son seres do mundo sobrenatural e non

Aliñamentos de Carnac (Bretaña)



Cromlechs e aliñamentos en Inglaterra

son os donos. Os máis serios neste traballo da vixilancia do tesouro son os mouros que gardan os tesouros en sacos atados con mil nós. Outras veces a gardadora é unha vella fea cos ollos pitañosos e coxa, e hai gardadores animais, reais ou imaxinarios, con aparencia de basiliscos, serpes ou cobras. Os gardadores que máis se aledan cando alguén se fai co tesouro son os xigantes, que aínda botan unha man e axudan a carrexalos. Tamén vixían tesouros os ananos, seres que viñeron de fóra, que gardan e limpan os tesouros disque propiedade dun bispo de Santiago, seguramente os mesmos desaparecidos nun gran roubo que houbo en Roma. E as *fadas* (mouras?) que se presentan en figura de moza fiadora, por veces canibal que devora os seus propios fillos, por veces posuídora dun espello que embelece ou que rouba ou secuestra o alento (o que é o mesmo ca roubarlle a vida) a quen se mira nel.

Sorprende a alusión reiterada ás *fadas* (de *fatum*, fado ou fada, como sino ou destino) para referirse ao ser mítico gardador de tesouros, esquecendo á moura como protagonista nese cometido, pois este é o ser, e non a *fada*, a que aparece unha e outra vez vencellada ao tesouro na tradición galega. Probablemente Cunqueiro, a pesar de citar varias veces os traballos de Vicente Risco, non reparou nesa circunstancia que aclara tan ben o mitólogo ourensán e concedeu máis importancia a outras mencións extrañas a Galiza. Neste senso tamén é chama-

tiva a ausencia de referencias aos libros máxicos, ao *Ciprianiño*, coas correspondentes receitas de exorcismos e relacións de tesouros, ou a demos gardadores, tan frecuentes na nosa tradición.

Conseguir que nos dean o tesouro depende do noso atrevemento. Hai que estar preparado para contestar as preguntíñas que nos fagan os mouros ou os ananos gardadores, ou en saber escoller, se a gardadora é moza, entre o tesouro e a rapariga. Se escolles o tesouro, perdes todo, pero se quedas coa moza, quedas co ouro e co seu amor. Tamén podemos acadalo se ousamos darlle un bico na boca á vella fea, que entón queda en figura de moza fermosa e dá o tesouro

A figura dos tesouros, que son case sempre de ouro, é moi variada. Brillan tanto que poden cegar os ollos humanos e algúns ata levitan. As figuras que toman van desde a humana, pasando por redes, pedras, moedas, coroas, esmeraldas, teares, fontes, sombreiros, bois, arados, tixolas, vasos, cadeas, paraugas, cadeiras, peites, rocas, fusos, colares, aneis, chaves, agullas, espadas, coirazas, nobelos, pezas de pan, ... as máis ferramentas e utensilios de uso corrente, e ata comida, ou, pola contra, armas de señores da guerra e atributos de xerifaltes da aristocracia e da nobreza.

Porén, algún deste tesouros mesmo pode converterse nun auxiliar do humano nese anxeo de singularizarse pois permite ver o que pasa en cen leguas á redonda como a vara que aluma de noite e descobre onde hai outros tesouros. Xunta o poder material está o poder espiritual do tesouro.

Como os tesouros e os seus gardadores soen comportarse con tiranía coa xente do común, esixindo comida, bebida e roupa... tamén hai remedios para enfrontarse a ese despotismo. Dinos Cunqueiro que basta poñer por escrito nun papel asinado e selado, como fixo un de Budián, que non se aceptan esas condicións, aínda que, pola contra, "non son os máis listos os que atopan tesouros i algunhas



vezes son nenos, ou parvos, e tamén atopan tesouros os cegos". O inxenuo, o que non actúa movido pola cobiza, ten moitas máis posibilidades de atopar o tesouro.

Abondan estas notas para decatarnos de que *Tesouros novos e vellos* é o relato dun soño colectivo dos galegos e galegas, recreado e interpretado maxistralmente por Álvaro Cunqueiro, unha metáfora da nosa historia, do noso ir e vir polo mundo, se cadra sen decatarnos de que a nosa fortuna está aquí, arredor de nós, no xardín da nosa casa como no soño do home de El Cairo que viaxou a Ispahán.

Como di Cunqueiro "o buscador de tesouros ten que ter fe na efectividade do rito, o que lle concede coraxe e lle fai non tremar diante das resistencias previas do tesouro denantes do instante cume da proba" pois "os tesouros non queren ser atopados... como o home non quere morrer".

Para rematar esta excursión arredor deste xogo de espellos onde se reflicten urxencias tan humanas como a necesidade, o desexo e a ambición, imos completar a historia de Sherezade:

O xefe da policía, despois de escoitar o relato do soño, ri e dille:

—Tamén eu soñei por varias noites que ía atopar a miña fortuna na cidade de El Cairo mais non fun tan estúpido coma ti. E iso que no soño vía unha casa, e tras da casa un xardín, e no xardín un reloxo de sol e unha fonte, e mesmo detrás da fonte había unha figueira. E ao cavar debaixo da figueira atopaba un tesouro.



Pero como non son tan idiota coma ti, non perdín o tempo emprendendo esa viaxe.

E coa mesma, deulle a aquel home unhas moedas e ordeoulle que regresase e que non volvese nunca máis por Ispahán.

O home colleu as moedas, gardounas no peto e regresou de contado a El Cairo pois a descrición do xefe da policía coincidía exactamente coa da súa casa.

Cando chegou, foi cavar debaixo da figueira e, efectivamente, aos poucos metros deu cun tesouro.

Con Cunqueiro dicimos que "O tesouro hai que querer atopalo e soñar perante moito tempo con il" pois "É tanto máis doado atopar un tesouro canto máis se asomelle ó que un soñou".

Pero o que realmente nos fornecaría de optimismo ante o futuro sería confirmar a vixencia destoutra reflexión: "cando eu escoito nalgunha aldea nosa falar de tesouros, coído que na nosa pobreza aínda somos ricos" ■

Castro de Briteiros. Ordenamento do espazo e iconografía dos nosos devanceiros axeitados ao territorio particular sen perder a conexión universal dunha inquedanza común por atopar sentido a existencia